

PROXECTO EDUCATIVO CPI ATIOS VALDOVIÑO 2018-2022

Aprobado en Consello Escolar e Claustro o día 23 de xaneiro de 2018

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	Páx. 3
1. ASPECTOS XERAIS	Páx. 3
1.1. O Proxecto Educativo de Centro	Páx. 3
1.2. Marco legal	Páx. 4
1.3. A contorna	Páx. 5
1.4. O centro	Páx. 7
2. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE , VALORES E FINS EDUCATIVOS.	Páx. 13
2.1 Principios de identidade e valores	Páx. 13
2.2. Fins e intencións educativas	Páx. 14
2.3. Metodoloxía, competencias e avaliación	Páx. 16
2.4. A organización pedagóxica e os documentos correspondentes	Páx. 37
2.4.1. Programacións por cursos e materias	Páx. 37
2.4.2. Plan de Orientación académica e profesional (anexo I)	Páx. 37
2.4.3. Plan de acción tutorial (anexo II)	Páx. 37
2.4.4. Plan de atención á diversidade (anexo III)	Páx. 37
2.4.5. Plan lector (anexo IV)	Páx. 37
2.4.6. Proxecto lingüístico (anexo V)	Páx. 37
2.4.7. Proxecto TIC (anexo VI)	Páx. 37
2.4.8. Proxecto Sección bilingüe. (anexo VII)	Páx. 37
2.4.9. Plan de Fomento da Lingua Galega (anexo VIII)	Páx. 37
2.5. Outros documentos de interese	Páx. 37
2.5.1. Programación Xeral Anual (PXA)	Páx. 37
2.5.2. Memoria Anual	Páx. 38
3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO	Páx. 39
3.1. A organización xeral no funcionamento do centro	Páx. 39
3.1.1 Organigrama	Páx. 39
3.1.2 Horarios	Páx. 40
3.1.3 Servizos complementarios	Páx. 40
3.2. Normas de Organización e Funcionamento (anexo IX)	Páx. 41
3.3. Plan de Convivencia (anexo X)	Páx. 41
3.4. Plan de Funcionamento de Comedor (anexo XI)	Páx. 41
3.5. Plan de Autoprotección. (anexo XII)	Páx. 42
4. XESTIÓN ECONÓMICA	Páx. 42
4.1. Introducción	Páx. 42
4.2. Xestión económica do centro.	Páx. 43
4.3. A comisión económica do Consello Escolar.	Páx. 46
4.4. Contas correntes	Páx. 46
4.5. Xustificación de contas anuais.	Páx. 46



CPI de ATIOS
Valdoviño



CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Avda. de San Sadurniño 19

15552 Valdoviño

Tlfno:881938107 FAX: 881938113

cpi.atios@edu.xunta.es

<http://edu.xunta.es/centros/cpiatios>

5. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PEC	Páx. 48
5.1. Avaliación	Páx. 48
5.2. Modificación	Páx. 48
5.3. Difusión	Páx. 48



INTRODUCCIÓN

A elaboración do proxecto educativo foi considerado polo novo equipo directivo do CPI Atios de Valdoviño como unha prioridade debido a que a lexislación educativa, en constante cambio coa publicación de diferentes leis, decretos, ordes, etc, deixou obsoleto o anterior proxecto

Trataríase de redactar un documento que reflectise, de maneira clara e cunha finalidade práctica, a realidade educativa do CPI de Valdoviño hoxe en día e que poida perdurar no tempo coas periódicas revisións correspondentes.

A súa elaboración, tal como dispón a lei, foi un dos obxectivos específicos do actual equipo directivo durante o curso 2017-18

Dende o equipo directivo, promoveuse que toda a comunidade educativa participase no mesmo para enriquecer coas súas aportacións dito proxecto:

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) elaborou aspectos, sobre todo os didácticos ou de organización docente.
- O Consello Escolar como canle para a entrada das achegas dos sectores non docentes do centro.
- O Concello de Valdoviño que nos aspectos socio-económicos da zona aportou documentación importante

Así pois, somos conscientes da importancia do proxecto que temos nas mans, por tratarse do principal documento do centro e que ten que servir como referencia a toda a comunidade educativa

1. ASPECTOS XERAIS

1.1. O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)

Proxecto Educativo de Centro coa publicación da LOE modificouse nos últimos anos, pois se dota aos centros dunha maior autonomía: “ *Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro*”. (Artº 120 LOE).

Ademais consideramos necesario a revisión do PEC pola entrada en vigor da LOMCE para todos os niveis do ensino primario e secundario no curso 2015-2016

Para desenvolver este proxecto é necesario deamos resposta ás seguintes cuestións:

- **Onde estamos e a quen nos diriximos?**

E decir o entorno social, económico cultural e lingüístico do centro, con isto nos referimos ao tipos de familias, necesidades específicas do alumnado, relación coas institucións tanto concello, centros adscritos, etc.

- **Quen somos?**

Os nosos sinais de identidade, que se plasman nas características singulares do centro tanto na oferta educativa, modalidades, optativas, servizos, etc. Tampouco podemos olvidar aquí os valores, principios e fins que rexen a vida do centro, así como as prioridades de actuación.

- **Que queremos?**

Lograr unha autonomía pedagóxica e para acadar isto, debemos definir a nosa concreción curricular, remarcar os aspectos xerais e elaborar plans e programas que nos axuden a este fin.

- **Como nos organizamos?**

A través do Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento que proporcionan ao centro unha autonomía organizativa.

- **Como nos financiamos?**

A financiación recóllese nun proxecto de xestión económica que poida dotar de certa autonomía económica ao centro.

1.2. MARCO LEGAL

O proxecto educativo do CPI Atios de Valdoviño ten unha base legal que o regula. O centro tamén segue uns principios legais que define a súa propia ideoloxía.

Así, a ideoloxía propia do centro segue os principios de:

- ✓ A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
- ✓ A Constitución Española de 1978.
- ✓ O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.

Os aspectos educativos están regulados por:

- ✓ A Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mejora de la calidad educativa.
- ✓ A Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio (LOE), que está en vigor actualmente en España.
- ✓ A Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación 8/1985 (LODE)

O funcionamento deste CPI está regulado polo:

- ✓ Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ✓ Orde do 3 de outubro de 2000 polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.

Os requisitos mínimos das instalacións do centro están regulados polo:

- ✓ Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro. (Falta por publicar a orde que o regula).

A nivel curricular, actualmente están en vigor para as 3 etapas educativas impartidas neste centro os seguintes Decretos:

- ✓ Decreto 330/2009 para educación infantil.
- ✓ Decreto 130/2007 para educación primaria.
- ✓ Decreto 133/2007 para educación secundaria obrigatoria.

Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos no:

- ✓ Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, que parece que vai ser substituído de xeito inmediato pola *Lei de convivencia e participación da comunidade educativa*, en fase de redacción.

A Dinamización da Lingua Galega está regulada polo:

- ✓ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A admisión de alumnado esta regulada por:

- ✓ Decreto 254/2012 do 13 de decembro.
- ✓ ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, da ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

En canto ao funcionamento do comedor escolar está regulado por:

- ✓ Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro.
- ✓ Orde do 21 de febreiro de 2007.
- ✓ Orde do 13 de xuño de 2008 que modifica a orde do 21 de febreiro de 2007.
- ✓ Decreto 374/2009, do 6 de agosto, modificado polo Decreto 439/2009 do 11 de setembro.
- ✓ Instrucións 1/2012, do 9 de xuño, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, que regulan o funcionamento de determinados aspectos relacionados co funcionamento do comedor escolar.

A administración dos recursos económicos do centro está regulada por:

- ✓ Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- ✓ Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios.

Os protocolos de actuación en cuestións administrativas teñen que ser coherentes coa lei que os regulan para as administracións públicas:

- ✓ Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- ✓ Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a anterior.

Para todos os funcionarios públicos:

- ✓ Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da lei de función pública de Galicia. (DOG 13-6-2008).
- ✓ Lei 2/2009, do 23 de xuño, que modifica a anterior (DOG 24-6-2009)

1.3. A CONTORNA

1.3.1 Situación xeográfica

O CPI de Atios está situado á beira da estrada que comunica Valdoviño con San Sadurniño, na Avda. de San Sadurniño nº 19 no lugar de Atios de Arriba . Está na parte alta do núcleo de poboación que forma a capital do Concello o que permite disfrutar dunha das mellores vistas da praia e lagoa da Frouxeira.

O entorno é privilexiado , aínda que a vexetación autóctona foi substituída por monocultivo de eucaliptos.

A comunicación cos núcleos de poboación máis próximos (Narón , Ferrol, Cedeira , San Sadurniño) é bastante boa no tocante á rede viaria pero precisa melloras en canto ó servizo de transporte público

1.3.2. Demografía

Dende o punto de vista socio-xeográfico o único que se pode considerar como núcleo semiurbano é a capital municipal pois o que predomina é a configuración rural e diseminada. A meirande parte das vivendas , unifamiliares de baixo e planta, son de boa calidade pero presentan un grao de dispersión elevado con respecto ao Centro, o que fai necesario que un 95% do alumnado utilice o transporte escolar e un 25% o comedor escolar. Moitas das vivendas non están habitadas pola familia nuclear, senón que conviven outros familiares (avós , tíos,...)

1.3.3. Análise das familias.

Na análise da composición social ou procedencia económica das familias verificamos que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa, adicándose os pais a traballar no sector terciario ou nas industrias dos Concellos limítrofes. En moitos casos hai, ademais, unha agricultura e unha gandería de autoconsumo.

No aspecto socio-cultural, a formación académica das familias presenta un nivel predominante de estudos básicos, ás veces incompletos, se ben a tendencia dos últimos anos é a dunha progresiva mellora da situación cun acadamento dun nivel de estudos secundarios nunha porcentaxe bastante alta da poboación comprendida entre os 18 e os 25-30 anos.

Con todo, e sen esquecerse desta constante progresión socio-cultural, o contexto no que está a exercer a súa acción educativa o CPI de Atios é dunha clase social media-baixa, cunha concepción da escola na que pouco a pouco vai aparecendo a convicción sobre o seu carácter educativo, ademais do asistencial, pero aínda moi lonxe da filosofía que debe presidir a relación familia-escola.

1.3.4. O noso alumnado

A procedencia do noso alumnado é a seguinte: un 75% aproximadamente procede das parroquias máis próximas á capital municipal: Meirás, Lago, Valdoviño, Sequeiro, San Bartolo e Aviño e o 25% restante de Pantín, Vilarrube, Loira e Vilaboa.

Os de Lago e Valdoviño incorpóranse ó CPI en Educación Infantil, o resto unha vez que remata a etapa de ensino no CRA “ O Esquio”. En 1º Ciclo de EP os de Meirás e en 2º Ciclo de EP o resto.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas e teñen como lingua materna o galego nun 80%. Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias; así, no seo de familias cunha composición estable e nivel cultural medio ou medio-baixo, prodúcese resultados escolares satisfactorios de rendemento escolar, do mesmo xeito que o alumnado con dificultades de aprendizaxe está adscrito a unha clase social baixa ou moi baixa, con problemas de estabilidade que supoñen carencias afectivas e de estímulos ambientais para os nenos e nenas.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades) como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios. En demasiados casos , e debido a motivo de traballo das familias , moito alumnado pasa o tempo de lecer só , a cargo de irmáns maiores ou dos avós.

1.4. O CENTRO

1.4.1 Ficha de identidade

CENTRO	CPI ATIOS VALDOVIÑO
ENDEREZO	Avda. San Sadurniño, 19.
LOCALIDADE	Valdoviño
DISTRITO POSTAL	15552
TELÉFONO	881 938 106
FAX	881 938 113
CORREO ELECTRÓNICO	cpi.atios@edu.xunta.es
CÓDIGO DO CENTRO	15018148

1.4.2 Localización xeográfica

O centro está situado no Concello de Valdoviño, ao norte da provincia de A Coruña, na comarca de Ferrolterra, Localízase o núcleo urbano do pobo, preto da casa do concello e o centro cultural na estrada de Cedeira







1.4.3 Historia

A nosa andaina como centro educativo comenza un 7 de febreiro de 1969. Por aquel entón, o Concello aprobaría a compra duns terreos en Valdoviño para a construción do centro escolar. O importe deses terreos ascendería a 326.124 das antigas pesetas. Pasarían catro anos, ata que se constituíse o primeiro claustro de profesores do xa coñecido como Colexio Público de E.X.B. de Atios. Moitos foron os discentes e docentes que pasaron polo noso centro, moitas foron as persoas que contribuíron a facer do noso centro un lugar onde aprender, onde compartir, onde disfrutar.

A todos eles hai que agradecerlles o seu esforzo e traballo. Non debemos esquecer que gracias a eles, hoxe estamos aquí. Foi un árduo proxecto que tivo á fronte os seguintes directores:

- D. Leandro Freire Infiesta.
- D. Braulio Rodriguez Zas.
- D. Juan Dapena Veiga.
- D. José Luis Bacarelle Beceiro.
- D^a. M^a Pilar Bouzón.
- D. José Antonio Martínez González.
- D^a. M^a Carmen Hermida García.
- D^a. Gloria Margaride.
- D. Gerardo Juan Pazos García.
- D^a. Teresa de Jesús Dopico Rivera.
- D^a. Delfina Bañobre Durán.
- D. José Antonio Martínez González.
- D^a. Delfina Bañobre Durán.
- D. Antonio Cebreiro Melero



Os diferentes andares teñen o seguinte uso:

-**Planta baixa** están emprazadas unidades de Educación Infantil, e o 1º Ciclo de EP, unha unidade de 3º de EP así como o Comedor.

-**Primeiro andar** están situadas as unidades correspondentes a Segundo e Terceiro Ciclo de Educación Primaria, xunto coa aula de PMAR de 3º, a de desdobre da ESO, a de Plástica e Visual, o Laboratorio, a aula de Tecnoloxía, a aula de PT de EI e EP, un pequeno espazo, destinado a varios departamentos que se utiliza como aula de AL e dous espazos reducidos para os departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Equipa de Normalización e Dinamización Lingüística, Lingua Inglesa, Lingua Francesa e Matemáticas. Ademais nestes espazos hai que facer desdobres de Atención Educativa de EI e EP e de Linguas Estranxeiras.

-**Segundo andar** están as aulas de ESO, a aula de Música, a de Informática, a Biblioteca, a aula de PT de ESO, a aula de AL, o Departamento de Orientación e un espazo reducido que se utiliza para os departamentos de Xeografía e Historia e o departamento de Relixión e para facer os desdobres de atención educativa en ESO e de exentos de francés en 1º e 2º de ESO.

- Ximnasio e o patio cuberto é donde teñen lugar as clases de Educación Física de todos os niveis educativos.

A zona de recreo é irregular. Hai dous patios cubertos pero un deles, o de ESO non se pode utilizar cando vai mal tempo; por mor da súa construción e orientación entra auga polos lados ata o centro do mesmo.

O de EP tamén presenta problemas de entrada de auga polo mal funcionamento dos sumidoiros. Adosado o patio cuberto de EP e dentro do recinto escolar valado atópase o Pavillón Polideportivo cuberto, de titularidade municipal, pero utilizado polo Centro no horario lectivo e para as actividades deportivas das actividades extraescolares.

1.4.5 Descrición das ensinanzas que imparte

No CPI de Valdoviño pódense cursar estudos de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (ESO).

Segundo o último catálogo de postos de traballo publicado no DOG do 17 de agosto de 2009 están autorizadas unidades en infantil, 12 en primaria e 8 en secundaria.

Dende o curso 2009-2010 conta cunha sección bilingüe para impartir en toda educación primaria plástica en inglés.

Materias que se imparten:

Educación Infantil: Impártense as establecidas por lei e ademais as especialidades: Linguas Estranxeiras, Educación Física e Educación Musical.

Educación Primaria: Impártense as establecidas por lei e no 1º Ciclo Linguas Extranxeiras.

Educación Secundaria Obrigatoria: Impártense as establecidas por e como optativas ofértanse :

1º Ciclo de ESO: Preferentemente 2ª Lingua Estranxeira e para o alumnado que presente dificultades nas técnicas instrumentais básicas: Taller de Matemáticas e Obradoiro de Comunicación Oral.

2º Ciclo de ESO : Ofértanse as optativas de 2ª Lingua Estranxeira e Cultura Clásica nos dous cursos e Técnicas de Expresión Escrita, Ciencias Medioambientais e da Saúde e Iniciación á Tecnoloxía Informática dun curso de duración.

Para o alumnado do Programa de Mellora do Rendemento Académico ofértase Iniciación á Electrónica en 3º de ESO.

En 4º de ESO ofértanse tamén como optativas as materias troncais de : Música, Plástica e Visual, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía

1.4.6 Centros adscritos

O CPI de Atios ten adscrito o CRA de Valdoviño que está composto pols escolas unitarias de Lago, Taraza, e Vilarrube que imparten ensinanzas de infantil e primaria

O alumnado que non pertenza á zona educativa correspondente á súa idade poderán matricularse no centro, sempre que existan prazas vacantes, pero non poderán usar o servizos complementarios de comedor e transporte, a non ser que se autorice expresamente desde a xefatura territorial segundo as directrices recollidas nas instrucións correspondentes.

En todo caso a admisión de alumnado regularase segundo a normativa vixente:

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro
- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.4.7 O persoal do centro

Profesores

Durante o curso 2017-18 o número de profesores/as do centro é de 49. 43 deles teñen a súa praza en propiedade neste centro, 5 de xeito provisional e 1 comparte centro. O profesorado repartese así: 18 son profesores/as de ensino secundario, 2 son mestres/as adscritos a secundaria, que imparten clase en 1º e 2º de ESO, 5 son mestres/as de infantil, 17 son mestres/as en primaria, 3 son especialistas en pedagogía terapéutica (2 en primaria e 1 adscrita ao 1º ciclo de secundaria), 1 e profesora de relixión e finalmente 1 profesora que é a orientadora do centro.

Alumnado

O curso 2017-18 iniciaron en setembro os seus respectivos estudos 522 alumnos/as. 72 en infantil, 258 en primaria e 192 en secundaria.

Persoal non docente

No centro hai 1 persoa funcionaria da Xunta que exerce as tarefas administrativas na secretaría do centro, 1 subalerno traballador do concello que fai os labores de conserxería e 3 traballadoras que pertencen ao persoal laboral da Xunta de Galicia (1 cociñeira e 2 axudantes). Así como 2 coidadoras que atenden aos alumnos con dificultades motóricas. Tamén exercen o seu labor, varias traballadoras dunha empresa privada, contratada pola Xunta, encargadas da limpeza das instalacións.

2. OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE , VALORES E FINS EDUCATIVOS.

2.1. IDENTIDADE E VALORES

Confesionalidade:

Como Centro de titularidade pública, o CPI de Atios maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da Comunidade Educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas o adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

Lingua de aprendizaxe:

O alumnado deste Centro maioritariamente ten como lingua materna o galego, polo que procede:

1. Instituír o galego , de xeito progresivo, como lingua normal para todas as actividades que teñen lugar no CPI , agás Lingua e Literatura Castelá.
2. Empregar o galego normativo, tanto no ensino coma nos comunicados de xestión administrativa e académica.
3. No caso de que alguén non sexa galego-falante, adecuaranse os medios necesarios para que a súa integración se realice sen traumas.
4. Os textos e demais materiais impresos, que se utilicen no Centro, serán elixidos tendo en conta as esixencias metodolóxicas e estarán preferentemente escritos en galego.

Con esta medida pretendemos que ao rematar a etapa de ensino obrigatorio o alumnado acade un uso normal e non discriminatorio das dúas linguas oficiais.

Como lingua estranxeira, ofrecerase ó alumnado en todos os niveis de ensino que se imparten no CPI a posibilidade de que poida elixir o inglés ou o francés.

Liña metodolóxica:

Desenvolvemos unha metodoloxía activa, na que o alumnado aprenda actuando , analizando cos seus propios medios , observando, facendo,...., procurando fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se convirta na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes.

Valores democráticos:

O noso Centro pretende transmitir ao seu alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (respecto aos demais e a un mesmo, sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a defensa da paz, o gusto polo traballo ben feito,...) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral.

Coeducación:

Traballaremos pola eliminación da discriminación contra a muller e na superación de mitos , tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home , practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc.

Xestión institucional:

A idea dun centro democrático supón a necesidade dunha participación real e efectiva de todos os membros da comunidade educativa por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.

2.2. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

Enténdese como tales, os obxectivos que se perseguen a distintos niveis. Todos eles teñen que impregnarse coas características manifestadas nos principios de identidade anteriores, e, segundo a súa natureza, podemos clasificalos en seis grandes grupos: pedagóxicos, de coordinación docente, humanos, institucionais, administrativos e de normalización lingüística.

2.2.1. Pedagóxicos:

- Concretar as ensinanzas básicas propostas desde a administración e adaptalas á realidade sociocultural da zona.
- Buscar unha aprendizaxe significativa fronte á memorística.
- Modificar os esquemas didácticos das diferentes materias para traballar no alumnado a súa formación segundo as oito competencias básicas.
- Afondar no tratamento que fai na aula dos temas transversais, sobretudo con respecto ao medio ambiente e a actividade física como medio de formación, expresión e relación, co fin de lograr unha formación integral do noso alumnado.
- Valorar na súa medida o servizo de comedor que se presta no colexio, na maioría de xeito gratuíto, e traballar as actitudes e comportamento que ten que amosar o alumno/a na mesa e coa comida, como un aspecto fundamental da súa educación básica.
- Fomentar a motivación do alumnado para que esta se reflecta logo nunha perseveranza no traballo e nunha boa actitude cara a adquisición de coñecementos.
- Ensinar creando un clima de respecto entre as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.
- Traballar o espírito crítico e científico do alumno que o capacite para afrontar de xeito autónomo os problemas que se lle prantexen.
- Traballar a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha tódolos mecanismos que proporcione a lexislación vixente para iso (itinerarios, ACIs, PMRA, apoios, reforzos, programas de recuperación de materias pendentes, etc)
- Orientar axeitadamente ao alumno no seu futuro académico ou profesional.
- Escoller axeitadamente os materiais (libros de texto, apuntamentos, páxinas web...) cos que se vai traballar na aula, facendo máis fincapé nas que traballen as TIC.
- Facilitar a distribución de espazos no centro para optimizar o seu aproveitamento nas diferentes actividades.

2.2.2 De coordinación docente

- Fomentar a participación do alumnado a través da xunta de delegados do centro e de calquera outro mecanismo (reunións de aula, titorías...) que favoreza a súa implicación nas actividades do centro.
- Axilizar as sesións de CCP, claustro e consello escolar coa exposición previa das actas para a súa aprobación e o paso das mesmas a formato electrónico.
- Optimizar as relacións entre os distintos departamentos didácticos, equipos de ciclo, orientación e dirección, mellorando a coordinación entre todos eles que dea lugar a modelos de programacións, metodoloxías, adaptacións curriculares... máis uniformes e coherentes.
- Potenciar a figura educativa do titor/a na resolución de conflitos e na comunicación regular coas familias.

2.2.3. Humanos

- Fomentar un ambiente escolar baseado nas boas relacións entre os distintos sectores da comunidade que permita unha convivencia máis harmoniosa.
- Delimitar o ámbito de actuación de cada sector dentro da comunidade para evitar intromisións innecesarias que desemboquen en situacións de conflito.
- Facer do NOF un elemento real e práctico á hora de regular as situacións de conflito e non só un documento onde se recollan os dereitos e deberes de cada un, implicando a todos na súa redacción para que todos o entendan como de obrigado cumprimento.
- Antepoñer o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos.
- Favorecer a mediación do propio alumnado nesas conflitos.
- Valorar cada situación tendo en conta os diferentes agravantes ou atenuantes, que poden facela singular fronte a outras.

2.2.4. Institucionais

- Manter, na medida do posible, as mellores relacións coas diferentes institucións (Concello, ANPA, Consellería, etc) favorecendo o intercambio de información, de opinións e o diálogo tolerante para solucionar determinadas situacións.
- Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa, principalmente profesores/as e alumnos/as.
- Ceder as instalacións ao resto da sociedade, sempre que sexa posible.
- Tomar decisións, sempre que sexa posible, en función de normas obxectivas.
- Velar polo bo cumprimento das obrigas dos diferentes estamentos do centro e escoitar as súas suxestións.
- Aproveitar as achegas por parte das diferentes institucións como vía para enriquecer o labor educativo.

2.2.5. Administrativos

- Coñecer a normativa que regula o funcionamento dos centros e actualizarse cando existan modificacións.
- Expoñer ao público, con rigor, obxectividade e transparencia, o traballo administrativo e burocrático do centro.
- Facilitar a atención ao público desde a secretaría do centro.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías no cumprimento das tarefas administrativas entre o persoal docente, sobre todo os titores/as.
- Potenciar a publicidade dos asuntos relacionados co centro mediante o correo electrónico ou a páxina web.

2.2.6. Normalización lingüística

- Impulsar distintas accións que tendan a reforzar a lingua e cultura galega dentro do marco legal vixente en cada momento.
- Impulsar a organización de novas actividades que impliquen, fundamentalmente, a participación do alumnado (revistas, torneos de xogos populares...)
- Celebrar días estreitamente relacionados con Galicia, como o día das Letras Galegas, o Entroido, o Samaín, etc.

2.3. A METODOLOXÍA, COMPETENCIAS E AVALIACIÓN

2.3.1. *Decisións xerais sobre a metodoloxía*

O CPI de Atios, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos ciclos/ Departamentos Didácticos que o integran, consensou os seguintes criterios básicos na metodoloxía xeral, os cales tenden a favorecer o desenvolvemento das Competencias Básicas no alumnado:

Educación Infantil

Partindo dun enfoque construtivista, aplícase unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción.

A metodoloxía está moi relacionada coa organización espacial que temos nas aulas de Educación Infantil. A etapa está organizada no CPI en cinco espazos principais, unha aula de Números, outra de Experiencias, unha de Lingua, unha de TIC's e outra de Arte. Ademais dispoñemos dun pequeno patio cuberto e outro exterior con areeiro e xogos. Os días de chuva realizamos o recreo no patio cuberto do centro onde se desenvolven as actividades de Educación Física de Primaria e Secundaria. Neste patio contamos cun pequeno rocho onde gardamos xogos de movemento para estes días, que tamén utilizan en Psicomotricidade.

Diariamente o alumnado realiza as Rutinas e a Asemblea á primeira hora, sempre na mesma aula. Despois, ao longo do día, realiza actividades en dous espazos diferentes. O material é compartido e específico de cada aula segundo as actividades ás que está dedicada.

Aulas de Números e Experiencias:

Estas aulas recollen todas as actividades relacionadas co coñecemento do medio e a linguaxe matemática. Nelas fanse a maioría das actividades relacionadas cos proxectos ou miniproxectos desenvolvidos en cada momento do curso.

Aula de Arte:

Nesta aula realízanse todas as actividades relacionadas coas expresións plásticas e o coñecemento da arte centrado en biografías de autores e autoras traballados.

Aula de Lingua:

Nesta aula realizamos a maioría de actividades relacionadas con distintos tipos de textos (contos, poesía, adiviña, receitas...)

Aula de TIC:

Nesta aula desenvolveremos actividades TIC xa que nela contamos con encerado dixital e un maior número de ordenadores.

Educación Primaria

A metodoloxía empregada nesta etapa educativa estará fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo.

Ao longo de toda a etapa terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior, Educación Infantil, e coa seguinte, a Educación Secundaria Obrigatoria.

Os principios metodolóxicos que enmarcan a na nosa actividade docente pretenden:

- Atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Promover a participación do alumnado para que aporte as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.
- Proporcionar aos nosos alumnos e alumnas estratexias de aprendizaxe que lles permitan valorar os procesos de aprendizaxe para regulalos ou modificalos.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias. Achegarémolos ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación, etc., procesos que facilitan a adquisición de aprendizaxes significativas.
- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para nenos e nenas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para respostar axeitadamente ás necesidades concretas dos nosos alumnos e alumnas.

Educación Secundaria Obrigatoria

- a) Favorecer o traballo en grupo do alumnado mediante a organización de tarefas e proxectos, previamente consensuados nas reunións dos departamentos didácticos correspondentes.
- b) Potenciar dende as materias/ámbitos o fomento da creación de hábitos de traballo en equipo e incluír este tipo de actividades nas programacións de aula.
- c) Realizar actividades interdisciplinares entre o alumnado de distintos grupos e niveis.
- d) Propiciar nas aulas, laboratorios, obradoiros, etc. a flexibilidade necesaria para levar a cabo o traballo colaborativo, xa que moitas delas dispoñen acceso ás TIC, etc.
- e) Incluír o traballo aberto (diferentes solucións) para mellorar a autonomía de aprendizaxe do alumnado.
- f) Potenciar a motivación para mellorar o clima da aula e ter o alumnado interesado no traballo.
- g) Utilizar a contorna para relacionala coa área correspondente.
- h) Favorecer a creatividade para potenciar a imaxinación e a intelixencia.
- i) Utilizar os mapas conceptuais – esquemas para relacionar e conectar os contidos.
- j) Desenvolver as adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais tendo en conta as súas características persoais.
- k) Fomentar os hábitos de lectura a través do Plan Lector.
- l) Maximizar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos que proporcionan as aulas ABALAR para o desenvolvemento da práctica docente.

Iniciouse dende a CCP e nos Departamentos unha reflexión conxunta sobre como artellar as diferentes Competencias Básicas cos distintos elementos do Currículo (Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación), quedando estas reflectidas nas Programacións didácticas das materias dos distintos departamentos didácticos. Ademais estas Programacións, a partir do citado no apartado “*criterios xerais do centro para a elaboración das programacións*” e do propio sistema de calidade (certificación ISO) presentan un mesmo formato para cada materia/ámbito para unificar as decisións tomadas.

2.3.2. A contribución da etapa á consecución das competencias básicas

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións anteriormente expostas, a normativa educativa establece sete competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística CCL
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCT
3. Competencia dixital CD
4. Competencia para Aprender a aprender CPAA
5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor SIE
6. Conciencia e expresións culturais CEC
7. Competencias sociais e cívicas CSC

A contribución das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria á consecución das competencias básicas

A competencia básica é «a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar». Coas áreas e materias do currículo preténdese que todos os alumnos e as alumnas adquiran as competencias que se relatan a continuación:

Competencia en comunicación lingüística.

Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Competencia dixital.

Dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Competencia para Aprender a aprender

Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor SIE

Adquisición da consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir risco.

Conciencia e expresións culturais

Coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Competencias social e cívicas.

Comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

A contribución das etapas de Educación Secundaria Obrigatoria á consecución das competencias básicas (Sen perxuízo do contido no anexo I do decreto 133/2007, que regula o currículo da ESO, na seguinte táboa se amosan os aspectos favorecedores que se van a priorizar para conseguir desenvolver as competencias básicas na ESO dende todas as materias.)

COMPETENCIAS BÁSICAS QUE SE DESENVOLVEN	ASPECTOS DAS COMPETENCIAS QUE SE VAN A PRIORIZAR
1. Competencia lingüística	Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e transmisión do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta. Habilidade de expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, así como a de comunicarse de xeito apropiado.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	Adquisición da habilidade para a utilización dos números e as súas operacións básicas, así como dos símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático en situacións cotiás, de modo que se seleccionen as técnicas axeitadas para calcular, resolver problemas, interpretar a información e aplicar os elementos matemáticos á maior variedade posible de contextos.
3. Competencia dixital	Exercitar unha serie de destrezas e habilidades que inclúen a obtención crítica de información utilizando distintas estratexias e soportes, a súa transformación en coñecemento e a axeitada transmisión mediante un conxunto de recursos que van dende técnicas e linguaxes determinadas ata as posibilidades ofrecidas polas tecnoloxías da información e a comunicación. Así se potenciará o uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de xeito eficaz.
4. Competencia para aprender a aprender	Ser capaz de continuar a aprendizaxe de xeito autónomo, de desenvolverse en situacións cotiás aplicando a lóxica do coñecemento, admitir a diversidade de posturas ante unha mesma situación. Ser consciente do que sabe e do que lle queda por aprender, de como aprender e de xestionar eficazmente o proceso de autoaprendizaxe.
5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Orientar na toma de decisións con criterio e levar á práctica a opción elixida asumindo as consecuencias, na adquisición de habilidades persoais como a autonomía, creatividade, autoestima, autocrítica, iniciativa, o control emocional..., de xeito que poida afrontar a adopción de solucións distintas ante novos contextos. Tamén se tratará de que acaden a facultade de aprender dos erros.
6. Conciencia e expresións culturais	Apreciar, comprender e valorar de xeito crítico o variado abano de manifestacións culturais e artísticas, familiarizándose con estas mediante o seu disfrute e o seu contribución para conservar e mellorar o patrimonio cultural e artístico. Supón o dominio das destrezas necesarias para a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de xeito creativa.
7. Competencia social e cívica	Proporcionar as destrezas necesarias para comprender a realidade social da contorna e analizar o pasado histórico e os problemas actuais, preparándose así para a convivencia nunha sociedade plural e contribuír á súa mellora. Isto implica formar ás persoas para a asunción e práctica dunha cidadanía democrática por medio do diálogo, o respecto e a participación social, responsabilizándose das decisións adoptadas.

2.3.3. Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado

Seguindo as directrices da Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG do 7 de xaneiro de 2008) pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria: *“a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo”*.

CARÁCTER DA AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo de cada unha das materias:

- 1) As competencias básicas
- 2) Os obxectivos
- 3) Os contidos
- 4) Os criterios de avaliación (que serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos).
- 5) Os instrumentos de avaliación se axustaran sempre aos recollidos nas programacións

Criterios xerais sobre avaliación do alumnado de EI e EP

A avaliación do alumnado de Educación Infantil e Primaria levarase a cabo segundo a normativa vixente, que establece, entre outros aspectos, unha avaliación inicial e outras tres a longo do curso escolar.

O calendario destas avaliacións establecerase ao principio de cada curso escolar e figurará na PXA.

Nas sesións de avaliación participará, ademais do titor ou titora do grupo de alumnos a avaliar, que coordinará a sesión, o profesorado especialista que imparte clase nese grupo, o orientador/a e o xefe/a de estudos.

En cada sesión farase un análise xeral do grupo relativo á asistencia e ós resultados académicos, tendo en conta as causas e as accións levadas a cabo en cada caso. A continuación trataranse individualmente os casos de especial relevancia, sexa polos resultados académicos ou por outros aspectos que redunden directamente na evolución destes alumnos e alumnas.

Cada mestre pasará ao XADE as cualificacións das materias que imparte antes das 20:00 horas do día anterior á sesión de avaliación. A Xefatura de Estudos encargárase de sacar unha acta provisional que poderán revisar os titores antes da sesión de avaliación e modificar durante a mesma, se se adoptan decisións conxuntas que non coincidan coas previas.

As actas definitivas estenderanse ao final de cada sesión de avaliación e serán asinadas polo titor ou titora do grupo, o xefe/a de estudos e o Director/a do Centro.

Os criterios de avaliación serán revisados ao principio de cada curso escolar e actualizados se fose necesario.

Os mestres que imparten clase no mesmo nivel calibraranse cada tres anos e antes se se incorporase profesorado novo. Este procedemento consistirá na corrección dunha proba por dous ou máis mestres para constatar que a diferenza na cualificación non é significativa

Criterios xerais sobre avaliación do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria

Para desenvolver a avaliación na ESO, e co obxectivo de **regular o procedemento para garantir o dereito do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxetivos (Orde de 28 de agosto de 1995)** establécese o seguinte:

- a) Con anterioridade á data do comezo das clases, cada departamento didáctico realizará unha sesión de **homoxeneización** dentro das súas reunións habituais onde se repasará a sistemática de avaliación en vigor para cada unha das materia/áreas (nos seus distintos niveis) tomando como referencia o contido na programación didáctica e nas presentacións da materia/ área . Sempre que nesta reunión se acorden cambios que modifiquen o expresado nos documentos aludidos, estes serán comunicados á xefatura de estudos. Estas reunións son rexistradas nas actas de reunión ordinaria dos departamentos didácticos.
- b) No referente á calibración na corrección do profesorado, nas citadas sesións de homoxeneización estableceranse as necesidades e calendario de calibración das distintas materias/ áreas e niveis que imparte o departamento ou ciclo. A calibración do profesorado consiste en que varios docentes apliquen os criterios definidos nas sucesivas reunións de homoxeneización ante unha mesma proba avaliativa real da materia e nivel que impartan, e se comparen as calificacións otorgadas por cada un deles; as calificacións otorgadas deben estar dentro dun rango preestablecido. As probas de calibración levaranse a cabo preferentemente durante o primeiro trimestre do curso. As probas de calibración realízanse só entre docentes que impartan a mesma materia no mesmo nivel en dous grupos distintos. Para aqueles casos nos que a materia e nivel sexa impartida por un único docente, este está exento da calibración. As probas de calibración terán unha vixencia de 3 cursos académicos. Aos 3 anos terase que repetir a proba.

Sen perxuízo do criterio anterior, tamén se realizarían nos seguintes casos:

- Nos casos nos que se modifiquen os criterios de avaliación.
- Nos casos nos que se inicie a impartición dunha nova asignatura ou se modifique sustancialmente unha existente.
- Nos casos en que se rexistren reclamacións ás cualificacións por parte do alumnado.
- Nos casos nos que un novo profesor/a se incorpore á impartición dunha asignatura.

Cando algún membro do profesorado se atope fóra de calibración analizaranse na reunión do departamento didáctico as causas e determinaranse as medidas a tomar.

Para cada unha das calibracións a Xefatura de Departamento elaborará un informe no que se resumirán os resultados obtidos por cada un dos docentes calibrados e, cando existan desviacións, as conclusións da reunión do departamento. Unha copia deste informe debe ser trasladada á xefatura de estudos para a súa valoración e rexistro.

RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañados dunha calificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose calificación negativa ou insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8, e ao SB o 9 e 10.

Neste sentido hai que distinguir entre a **calificación de avaliación** e **calificación final de curso**.

- a) Durante o curso se realizan 3 avaliacións parciais. En cada unha delas o docente confeccionará para cada alumno/a unha calificación de avaliación en base a todos os aspectos curriculares obtidos ao longo da avaliación.
- b) Cada docente confeccionará a nota final de curso para cada alumno/a en base aos criterios de calificación entregados á xefatura de estudos e reflectidos na correspondente programación da materia/ámbito, tendo en conta o carácter continuo da avaliación do alumnado na ESO en todas as materias.
- Cando un alumno/a non se presente ás probas da convocatoria extraordinaria dunha materia ou ámbito, nos documentos de avaliación, no apartado “observacións” farase constar “non presentado” (NP).
- c) Nos resultados debe aparecer as medidas tomadas co alumnado se fora o caso como indicamos a continuación:
- E Exención
 - ACS Adaptación curricular significativ
 - RE Reforzo educativo

DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Durante o curso escolar desenvolveranse unha **avaliación inicial** e tres sesións de avaliación parcial, coincidindo a última coa avaliación final ordinaria.

Con anterioridade ao inicio de cada avaliación, cada docente de cada materia introducirá as calificacións do alumnado no programa XADE, fixándose como hora límite as 20:00h do día anterior á avaliación, co obxectivo de favorecer o tratamento dos datos por parte da persoa titora do e da xefatura de estudos.

As sesións de avaliación serán dirixidas e coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia ou apoio nel e contará co asesoramento do Departamento de Orientación.

Nelas trataranse, por esta orde:

1º Cuestións de carácter xeral (alumnado por encima do límite de suspensos, alumnado por encima do límite de faltas de asistencia, materias non conformes segundo a porcentaxe de programación impartida,...)

2º Cuestións a destacar relativas a cada materia.

3º Relación das conclusións obtidas para cada alumno ou alumna (recollida da información emitida por todo o profesorado do grupo no informe).

Durante o desenvolvemento da exposición do titor/a o resto dos membros da xunta de avaliación **intervirán** para **matizar** e **opinar** sobre as **cuestións académicas** das que se vaia facendo mención.

Simultaneamente o titor/a irá recollendo **por escrito** todos aqueles elementos que a xunta de avaliación vaia asumindo como conclusións finais referentes ao grupo en xeral, de cada materia ou grupo de materias e de cada alumno e alumna en particular.

No caso de que tal labor non se fixese durante a fase anterior do debate, farase a proposta e valoración das medidas de adaptación pertinentes a adoptar de forma individualizada para cada alumno/a e materias que se precise, ou ben para cada materia, a aplicar ao grupo de xeito colectivo.

Neste punto **prestaráselles atención especial aos casos excepcionais que merezcan un tratamento máis coidadoso.**

No proceso de avaliación continúa a calificación de cada unha das materias será decidida polo docente que as imparta.

Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no

proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da **maioría simple** dos seus membros.

No suposto que no desenvolvemento da sesión de avaliación a nota dun alumno/a sexa modificada, o profesor da materia implicada encargárase expresamente de modificar dita nota no programa XADE nese momento.

Sesións de avaliación inicial.

Establecerase para cada grupo ao comezo do curso unha sesión de avaliación inicial que incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior, incidindo nas propostas de intervención acordadas na sesión final ordinaria ou extraordinaria do curso anterior, se fose o caso. O titor/a e/ou orientador/a informará das conclusións das xuntanzas do equipo de avaliación do grupo realizadas con anterioridade ao comezo da presente avaliación, nas que se puidesen concretar as citadas propostas.

Nesta avaliación remataranse por decidir as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a co fin de facilitar o seu progreso.

Sesións de avaliación final ordinaria e extraordinaria.

Desenvolveranse nos meses de xuño e setembro respectivamente e a elas asistirá como mínimo, un membro do equipo directivo, preferentemente o xefe/a de estudos. Nelas decidirase sobre a promoción e/ou titulación. O alumnado que non supere todas as materias no mes de xuño será avaliado das mesmas na sesión extraordinaria de setembro.

O alumnado con materias pendentes será avaliado con anterioridade ás citadas avaliacións, nas correspondentes convocatorias ordinaria (mes de maio) e extraordinaria (mes de setembro) das materias pendentes.

Informe final de avaliación

Todas as materias contribúen á adquisición de todas as competencias básicas. Así como centro, consensuamos unha ponderación matemática para repartir o peso de cada materia sobre cada competencia, quedando como sigue:

COMPETENCIA	REPARTO EN SECUNDARIA
Comunicación lingüística	30% LCast + 30% LGal + 15 % Inglés + 15% Francés + 10% RESTO
Matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía	40% Matemáticas + 30% Ciencias da Natureza + 10% Tecnoloxía + 5% Informática + 5% Ciencias sociais, xeografía e historia+ 10% RESTO
Dixital	40% Informática + 30% Tecnoloxía + 30% RESTO
Aprender a aprender	TODAS PONDERAN IGUAL: media aritmética
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	TODAS PONDERAN IGUAL: media aritmética
Conciencia e expresións culturais	25% Música + 25% Educación plástica e visual + 15% Ciencias sociais, xeografía e historia + 10% Lingua castelá e literatura + 10% Lingua galega e literatura + 5% Educación física + 5% Cultura Clásica + 5% RESTO
Social e civivas	30% Educación Ético-Cívica + 30% Educación para a cidadanía e os dereitos humanos + 15% Ciencias sociais, xeografía e historia + 25% RESTO

Información adicional:

- Cando non se curse unha materia ponderada a súa ponderación acumularase ao grupo denominado “RESTO”.
- A ponderación de Ciencias da NATureza repartirase equitativamente entre Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química en 3º e 4º ESO.
- Para o “Programa de Mellora da ESO”, os ámbitos suman as ponderacións das materias que engloben.

Para o desenvolvemento deste cadro existirá unha folla de cálculo na cal cada docente que imparta a materia correspondente incluíra as calificacións de cada alumno, co obxectivo de obter unha calificación numérica final para cada competencia.

Unha vez obtidas as calificacións numéricas de cada alumno en cada competencia establécese o seu **nivel de adquisición** nelas segundo o seguinte criterio:

- **MOI BAIXO**: fáltalle bastante para adquirir a competencia. Nota ≤ 3 .
- **BAIXO**: está moi próximo a adquirir a competencia pero aínda non está plenamente lograda. Nota >3 pero <5 .
- **ACEPTABLE**: adquiriu a competencia de xeito suficiente. Nota ≥ 5 pero ≤ 6 .
- **BO**: adquiriu plenamente a competencia. Nota >6 pero <8
- **EXCELENTE**: adquiriu sobradamente a competencia e aplícaa en grao moi satisfactorio. Nota ≥ 8 pero ≤ 10 .

O titor/a de grupo incluíra no informe final de avaliación o nivel de adquisición de cada competencia para cada alumno/a.

Outro aspecto importante desde o punto de vista curricular son as *avaliacións* que se empezou a realizar en Galicia coimplantación da LOMCE Con elas preténdese analizar, mediante probas obxectivas, o nivel de competencias adquirido polo alumnado en 3º de primaria, 6º de primaria e 4º de ESO.

O resultado das probas é comunicado á comunidade educativa e teranse en conta á hora de realizar as programacións. Os resultados de cada convocatoria figurarán na memoria da Programación Xeral Anual do curso correspondente.

Outras consideracións

O alumnado de 1º e 2º de ESO que non curse a materia común de segunda lingua estranxeira (Orde 6 set 2007, 5f.) será valorado de xeito cualitativo, no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo. Nos documentos de avaliación figurará como exento.

A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerese, con carácter xeral, polo disposto na orde do 21 de Decembro de 2007.

Sen prexuízo do anteriormente indicado, na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con adaptacións curriculares, **de acordo co artigo 14.4 do Decreto 133/2007, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.**

2.3.4. Criterios xerais sobre promoción e titulación

Educación Infantil e Primaria

O equipo docente de cada grupo decidirá sobre a promoción de ciclo primando a opinión da persoa titor/a.

O alumnado promocionará ao ciclo seguinte se acadou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas.

Cando as aprendizaxes non alcanzadas non representen un obstáculo para seguir o novo ciclo, os alumnos e alumnas poderán promocionar ao ciclo ou etapa seguinte, adoptándose, as medidas de reforzo e apoio necesarias para conseguilos.

Se o alumnado non cumpre o anterior, permanecerá un ano máis no ciclo, unha vez unicamente ao longo de toda a etapa educativa e seguirá un plan específico de reforzo e recuperación.

Sen perxuízo do anterior, o alumnado con necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de Primaria, segundo recolle a lexislación vixente, se con isto se mellora a súa integración socio-educativa. Na etapa de Educación Infantil, este alumnado poderá permanecer un ano máis se conta coa autorización pertinente.

Promoción a Educación Secundaria Obrigatoria

O alumnado promocionará á E.S.O. se acadou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos da Educación Primaria e o grao de madurez axeitado.

Se as aprendizaxes non alcanzadas non impiden seguir satisfactoriamente a nova etapa, o alumnado poderá promocionar. Neste caso, a persoa titora elaborará un informe no que precise: as dificultades presentadas, os obxectivos da etapa non logrados e as medidas adoptadas ata ese momento.

O alumnado con altas capacidades poderá ver adiantado o inicio da escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria logo da avaliación psicopedagóxica.

De acordo co Decreto 133/2007, que regula o currículo da ESO, a Orde do 21/12/2007 sobre avaliación na educación secundaria obrigatoria, a Orde do 23 de xuño de 2008 que modificaba á anterior, establécense os seguintes criterios de promoción de curso na ESO. Tal como establece a lexislación, a decisión de promoción será adoptada de xeito colexiado e consensuado entre todo o profesorado e **en último caso decidida en votación por maioría simple** do equipo docente, **sen poder absterse ningún**, en función dos criterios de promoción que aquí se establecen

Situación académica ao final de curso	Posibilidade
1º superado ou cun máximo de 2 materias calificadas negativamente	Promoción a 2º, con materias pendentes se as houber.
1º con 3 ou máis materias non superadas, sen estar a repetir curso.	Promoción excepcional a 2º con materias pendentes ou repetición de 1º.
1º con 3 ou máis materias non superadas, repetindo curso.	Promoción a 2º con materias pendentes
2º superado ou cun máximo de 2 materias, de 1º ou 2º, cualificadas negativamente.	Promoción a 3º curso, con materias pendentes se as houber
2º con 3 materias non superadas, de 1º ou 2º, sen estar a repetir curso	Promoción excepcional, repetición de 2º ou incorporación a un PMRA de dous anos*.
2º con mais de 3 materias non superadas, de 1º ou 2º, sen estar repetindo curso	Repetición de 2º curso
2º con 3 materias ou máis non superadas, de 1º ou 2º, repetindo curso	Promoción a 3º con materias pendentes ou incorporación a un PMRA de dous anos*

3º superado ou cun número máximo de 2 materias, deste curso ou anteriores, calificadas negativamente	Promoción a 4º curso, con materias pendentes, se as houber.
3º con 3 ou máis materias non superadas, deste curso ou anteriores, sen estar a repetir curso	Promoción excepcional a 4º, repetición de 3º (se non repetíu antes xa 2 veces na etapa)
3º con 3 ou máis materias non superadas, deste curso ou anteriores, repetindo curso	Promoción a 4º con materias pendentes ou incorporación a un PMRA de 1 ou 2 anos*.

(*)*Hai que ter en conta que:*

-Segundo o punto 9 do Artº. 6º da Orde do 21/12/07, non podería repetir curso se xa repetiu 2 veces antes na etapa.

-A segunda repetición é excepcional, decisión do equipo docente (punto 4.c da Orde do 6 de setembro de 2007 sobre implantación da ESO en Galicia).

*segundo as condicións de acceso a un PMRA no Artº. 4º da Orde do 30/07/07

O alumnado que promocioe con materias pendentes seguirá un **Plan de Traballo Individualizado (PTI) para alumnado con materias pendentes de cursos anteriores**. O desenvolvemento deste plan estará concretado nas correspondentes programacións das materias.

Para os efectos de promoción de curso computarase como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores. A materia de Ciencias da natureza de 3º curso, desdobra en “Bioloxía e Xeoloxía” e “Física e Química” manterá o seu carácter unitario a efectos de promoción.

De igual xeito, no caso excepcional de que un alumno/a sexa proposto para promocionar **excepcionalmente** con tres materias suspensas, como centro acordamos que se dúas das tres materias suspensas son materias instrumentais (linguas e matemáticas) o alumno/a non promocionará ao curso superior.

Para regulamentar o carácter excepcional de promoción, o equipo docente terá en conta:

- A existencia ou non de abandono (absentismo, exames en branco, participación nula na clase, non facer tarefas/proxectos propostos polo profesor...) en ditas materias por parte do alumnado.
- A obtención dunha calificación final menor ou igual a dous puntos en ditas materias.
- A condición de non presentado na convocatoria final extraordinaria.

Se concorre algunha das tres circunstancias anteriormente citadas, o alumno/a non promocionará.

Repetición de curso

- O alumnado que non promocioe, permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de reforzo do alumnado repetidor, o cal estará concretado en cada programación didáctica da materia correspondente.
- Só se poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa.
- Excepcionalmente, o alumnado poderá repetir unha segunda vez o cuarto curso se non repetise nos cursos anteriores (poderase prolongar a escolarización ata os 19 anos).

Segundo o artigo 12 da orde do 6 de outubro de 1995, no referente á promoción do alumnado con Adaptación curricular:

“1. Ao finaliza-lo ciclo ou curso para o que se realizara unha adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartira as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno, determinarán a pertinencia da promoción de ciclo ou

de curso, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de se-lo caso, as liñas xerais da mesma.

2.Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun ciclo ou curso, segundo o establecido para o efecto para as diversas etapas, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións curriculares, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno.”

TITULACIÓN

Obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria aquel alumnado que superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Tamén poderá obter o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas da convocatoria extraordinaria finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediu acadar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

No suposto de que algunha destas materias sexa instrumental (linguas e matemáticas) o alumnado non será proposto para titulación.

O alumnado que curse programas de mellora obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria se supera todos os á e materias correspondentes a 4º ESO así as competencias básicas e os obxectivos xerais para a etapa.

Nesta decisión terase tamén en conta:

- a) Progreso nas distintas materias.
- b) Oportunidade de repetición para a melloría da aprendizaxe.
- c) Actitude do alumno/a en relación coa aprendizaxe.
- d) Conduta do alumno/a
- e) Asistencia a clase e puntualidade.
- f) **Abandono da materia** (absentismo, exames en branco, participación nula na clase, non facer tarefas/proxectos propostos polo profesor...)
- g) A obtención dunha calificación final menor ou igual a dous puntos en ditas materias.
- h) A condición de non presentado na convocatoria final extraordinaria.

Se concorrese algunha das tres últimas circunstancias anteriormente citadas, o alumno/a non titulará.

As decisións de titulación con materias non superadas requirirán o acordo favorable da **maioría simple** do equipo docente.

O alumnado con dezaoito anos cumpridos que non fose proposto para o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e teña avaliación negativa ata nun máximo de cinco materias disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao remate da súa escolarización, dunha convocatoria anual de probas para superar as materias con avaliación negativa.

Esta convocatoria terá lugar no mes de xuño e **será incompatible con estar cursando as ensinanzas de adultos ou coa presentación ás probas libres para obter o título de graduado en educación secundaria previstas na Lei Orgánica de Educación.**

O alumnado que non obtivese o título de graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá un certificado de escolaridade no que constarán os anos e as materias cursadas.

De igual xeito, se un alumno/a con **Adaptación Curricular** chegado o caso non fose proposto para o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, recibirá un certificado de escolaridade no que constarán os anos e as materias cursadas.

2.3.5.Liñas xerais de atención á diversidade

O Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria no seu artigo 13º 2 recolle que “en canto se detecten dificultades de aprendizaxe, os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren mais convenientes ás características do seu alumnado e que poderán ser tanto organizativas como curriculares”. Tamén se terá en conta o que se recolle na Orde do 6 de setembro de 2007 de implantación da ESO.

O decreto de atención á diversidade define medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan do noso centro. Como norma xeral se adoptarán como primeira opción as medidas ordinarias e, unha vez agotadas estas, levaranse a cabo as extraordinarias.

Medidas Ordinaria

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas e programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados e programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de Mellora da ESO.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Para a **toma de decisións** sobre estas medidas seguirase o seguinte proceso:

- Realizar por parte do equipo docente a proposta de intervención **na avaliación na que se requira**.
- O titor/a e/ou orientador/a aportarán nas sesións de avaliación inicial as conclusións acordadas nas xuntanzas do profesorado do grupo a requirimento da xefatura de estudos e realizadas con anterioridade ao comezo da actividade lectiva nas que se puideran concretar as propostas referentes a:
 - Alumnado para os agrupamentos específicos

- Alumnado que requirirá da intervención do profesorado de pedagogía terapéutica ao inicio do curso (apoio educativo)
- Alumnado que requirirá Adaptación Curricular.

Teranse en conta, tanto nestas xuntanzas como na sesión de avaliación inicial, os informes persoais de curso e/ou etapa anterior.

Na sesión de avaliación do segundo trimestre, farase unha proposta provisional para que sexa concretada e confirmada na sesión de avaliación do terceiro trimestre, do seguinte alumnado:

- Alumnado proposto para Programa de Mellora da ESO
- Alumnado proposto para incorporarse a un programa de cualificación profesional inicial (PCPI)

Para os programas de reforzo para o alumnado repetidor ou alumnado con materias pendentes de cursos anteriores teranse en conta tódalas medidas de atención á diversidade que se propoñen.

O alumnado que presente evidentes dificultades no proceso de aprendizaxe, en particular nas áreas de lingua, pode quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira (artigo 6º apdo 4 Decreto 133/2007 e apdo 5f da Orde do 6 de Setembro de 2007) para recibir nese caso o reforzo educativo pertinente atendendo ao informe da persoa titora da etapa ou curso anterior e coa colaboración do Dpto. de Orientación. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores legais afectados.

2.3.6. Criterios para introducir a educación en valores nas distintas materias

Existen diferentes contidos que teñen un carácter transversal a todo o currículo e, por conseguinte, deben ser tidos en conta nas diferentes programacións das materias, áreas e ámbitos. Estes contidos transversais son:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación sexual.
- Educación medioambiental.
- Educación do consumidor.
- Educación vial.

Educación Infantil e primaria

A educación en valores fai referencia a todos aqueles contidos que non se inclúen en ningunha área curricular concreta, e que non pertencen a unha etapa educativa particular, senón que interactúan en todas as áreas do currículo.

Non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, son máis ben unha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos básicos e ao desenvolvemento das competencias, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado que pretende conseguir as finalidades seguintes:

- Desenvolver o sentido crítico para valorar situacións de inxustiza social e persoal.
- Defender formas de vida máis xustas en consonancia cos dereitos humanos.
- Potenciar os principios democráticos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade.
- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre as persoas.

- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe.
- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais que afectan ao contorno máis próximo.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Promover a formación dunha opinión crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.
- Desenvolver actitudes positivas cara ás demais culturas do contorno e doutras máis afastadas xeograficamente.
- Potenciar as actitudes que valoren a educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Proporcionar ao alumnado estratexias que lle permitan adaptarse ás situacións cambiantes da sociedade.

Educación Secundaria Obrigatoria

A súa importancia é esencial para que a educación cumpra o seu sentido pleno de contribuír á formación integral de ser humano para que se incorpore á sociedade de forma autónoma e participativa.

Dende o centro entendemos que o tratamento dos contidos de carácter transversal ao longo de todo o currículo mediante a súa integración nas materias ou ámbitos permite que se desenvolvan os valores e actitudes que se contemplan tanto nas nosas finalidades educativas coma nas capacidades xerais a desenvolver na ESO, por exemplo, o respecto á diversidade, o pensamento crítico, a solidariedade, a tolerancia, a aceptación persoal, a democracia, o pluralismo, a autonomía persoal, a cooperación, a coeducación, o rexeitamento ao racismo e a xenofobia, o pacifismo...

Adoptando como base esta conceptualización, cada Departamento Didáctico incluírá os temas transversais nas súas respectivas programacións de materia ou ámbito, así como tamén estará reflectido no Plan de Acción Titorial.

Como **criterios xerais** para abordar a presenza dos contidos de carácter transversal nas materias/ámbitos propoñemos como centro:

- a) Integración dos contidos trasversais no traballo diario a aula.
- b) Relacionar os obxectivos das programacións cos principios dos contidos transversais.
- c) Integrar os contidos propios de cada materia/ámbitos cos principios dos contidos transversais: selección e organización de contidos.
- d) Diseñar actividades concretas nas cales o alumnado adquira competencias relacionadas con valores e actitudes propias deste tipo de contidos.
- e) Elección de materiais e recursos didácticos que integren estes contidos.

Ao longo do curso, na medida do posible, realizaranse diversas actividades relacionadas coa educación en valores, como charlas puntuais, onde se traballen os seguintes contidos:

- a) Sensibilización ao alumnado sobre condutas e hábitos de seguridade vial.
- b) Desenvolvemento de actitudes de educación para a convivencia no pluralismo e a diferenza.
- c) Respecto á autonomía dos demais.
- d) Uso do diálogo como xeito de solucionar os conflitos.
- e) Educación multicultural e intercultural: rexeitamento de actitudes racistas e xenófobas.
- f) Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes á propia.
- g) Desenvolvemento de hábitos de saúde como a hixiene corporal e mental e a alimentación correcta.

- h) Desenvolvemento dunha actitude que identifique e rexeite a discriminación da muller e favoreza a educación para a igualdade.
 - i) Desenvolvemento da autoestima e aceptación do corpo.
 - j) Análise crítica da realidade e corrección de prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, mundo profesional e laboral.
 - k) Adquisición de hábitos individuais de protección do medio natural.
 - l) Adquisición de formación e información sobre diferentes aspectos da sexualidade.
- Desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias con motivo de efemérides, días internacionais, semanas temáticas, que afecten directamente a estes temas. Organización de actividades de portas abertas nas que participen diferentes sectores da comunidade educativa coa finalidade de integralos na vida do Centro.

2.3.7. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións

O artigo 27 do decreto 7/1999 recolle os aspectos básicos que deben incluír as programacións didácticas dos CPI. Asimesmo as progresivas modificacións das leis e decretos educativos engadiron a esta listaxe novos elementos a ter en conta. Así, no noso centro, as programacións didácticas deberán conter os seguintes aspectos:

- 1.- Introducción e contextualización
- 2.- Contribución das áreas e materias ao logro das competencias básicas (na ESO)
- 3.- Obxectivos por curso
- 4.- Contidos
- 5.- Temporalización
- 6.- Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas
- 7.- Mínimos exixibles
- 8.- Instrumentos de avaliación
- 9.- Procedementos de avaliación
- 10.- Criterios de calificación
- 11.- Procedementos para a realización da avaliación inicial
- 12.- Plans de seguimento das materias pendentes
- 13.- Procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria
- 14.- Metodoloxía didáctica
- 15.- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto
- 16.- Medidas de atención á diversidade
- 17.- Programación da educación en valores
- 18.- Accións de contribución ao proxecto lector
- 19.- Accións de contribución ao plan TIC
- 20.- Accións de contribución ao plan de convivencia
- 21.- Actividades complementarias e extraescolares
- 22.- Procedementos para avaliar a propia programación

2.3.8. Plan de reforzo para o alumnado repetidor (pref)

O Decreto 133/2007, que regula a ESO, recolle que os proxectos educativos de centro contarán con plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

A Circular 8/2009, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO, establece que o alumnado repetidor de todos os cursos de ESO, seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final, establecido no art. 14º da Orde 21 de decembro de 2007, e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial, segundo o establecido no art. 4º da orde anteriormente citada.

Os **programas específicos** serán **elaborados polo departamento da área, materia ou ámbito correspondente** e deberán incluír tarefas/proxectos de aprendizaxe para realizar periódicamente.

En 1º e 2º de ESO deberán contemplar, ademais, a posible incorporación deste alumnado a un programa de reforzo das áreas instrumentais ou de recuperación doutras áreas, se os houbera no centro. Nese caso este alumnado quedaría exento da realización do programa específico personalizado na dita área.

Corresponderalle ao profesorado que imparta cada area ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas/proxectos propostos polo departamento e comunicarllo ao profesorado titor, quen deba facelo chegar as familias para o seu coñecemento e colaboración.

Para facilitar esta tarefa o profesorado disporá dun modelo de informe de seguimento deste alumnado no que constará:

- Repeticións anteriores, se as houbera
- Calificacións obtidas no mesmo nivel no ano académico anterior
- Medidas educativas propostas: Apoio de Pedagogía Terapéutica, Agrupamentos Específicos, Reforzo, Adaptación Curricular, etc.
- Valoración da realización das tarefas/proxectos propostos
- Calificacións recentes na area, materia ou ámbito.

O informe facilitarase (preferentemente en formato dixital) e **cumprimentarase periódicamente** co fin de que o profesorado titor poida informar as familias ao longo do curso.

No seu deseño terase en conta o nivel de competencia curricular acadado na materia nos cursos anteriores e a calificación final obtida no primeiro ano do curso obxecto de repetición ademais dos resultados da avaliación inicial. Esta información permitirá escoller o tipo de tarefas máis axeitadas a cada caso, podendo ser estas de reforzo, en caso de detectar carencias, ou de ampliación no caso de que o alumno ou alumna xa domine eses contidos.

En todo caso a permanencia un ano máis nun mesmo curso debe ser unha segunda oportunidade para conseguir os obxectivos propostos polo que debemos ter especial coidado en non sinalar a condición de “repetidor” a este alumnado, agás que o fagamos en positivo como elemento motivador do saber facer pola experiencia do curso pasado.

Pódese aproveitar (nalgúns casos) o que este alumnado xa sabe e recorda do curso anterior para guiar unha aprendizaxe cooperativa beneficiosa para todo o grupo, mellorando a súa aprendizaxe e autoestima, evitando a presenza de hábitos de traballo inadecuados e de que a repetición sexa “máis do mesmo” que no curso anterior, non conseguindo os obxectivos programados.

O alumnado repetidor será informado polo profesorado titor en colaboración co departamento de orientación dos criterios de promoción e titulación na etapa, analizando conxuntamente a súa situación académica, tendo en conta as limitacións do número de repeticións e da idade de permanencia na etapa.

Plan de Trabajo Individualizado (PTI) para alumnado con materias pendentes de cursos anteriores

O alumnado que ten materias pendentes de cursos anteriores seguirá un plan de traballo para cada unha das materias pendentes, que será concretado na correspondente programación de materia ou ámbito.

Este plan será avaliado polo profesorado do curso no que está matriculado pertencente ao departamento da materia que ten suspensa e dita avaliación será coordinada pola xefatura de departamento correspondente e realizada polo docente que desenvolve dito plan.

2.3.9. Plan de atención educativa ao alumnado que non opte polo ensino de relixión. (pa.ed)

Segundo indica a normativa vixente, os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado cuxos pais ou titores non optasen polas ensinanzas de relixión, reciban a debida atención educativa e para que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación algunha.

Ao principio de cada curso escolar os pais, nais ou titores legais poderán optar polas ensinanzas de Relixión ou pola Atención Educativa.

As medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que familias e titores/as as coñezan con anterioridade.

As actividades educativas deberán desenvolverse en horario simultáneo ao das ensinanzas de Relixión e estarán orientadas a:

- Desenvolver a capacidade de atención.
- Mellorar a capacidade de observación.
- Promover hábitos de atención e escoita.
- Perfeccionar a expresión oral.
- Desenvolver a imaxinación.
- Fomentar nos alumnos/as o interese pola lectura.
- Adquirir competencias relacionadas coas novas tecnoloxías.

Estas actividades consistirán en audicións, visionado de películas e documentais, lecturas, debates, dramatizacións, xogos didácticos, actividades lúdicas ao aire libre, emprego do ordenador e outras que manteñan a finalidade expresada máis arriba.

En ningún caso ditas actividades comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a outra área da etapa.

Os pais e titores terán información das actividades que se realizan nestas sesións para poder decidir sobre as opcións que se lles presentan.

A atención educativa será prestada polo titor ou titora do grupo preferentemente.

Ao inicio da escolarización, realizaranse os agrupamentos do alumnado que no reciban ensinanzas de Relixión de xeito que non supoña ningún tipo de discriminación.

Educación Secundaria Obrigatoria

A disposición adicional segunda do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia garante a atención educativa do alumnado que non opte polas ensinanzas de relixión, co fin de que a elección dunha ou doutra opción non supoña discriminación ningunha. Polo tanto, corresponde

ao Centro a organización da materia de Atención Educativa, de acordo coas liñas educativas sinaladas no PEC. Tendo en conta que dita atención non corresponde a ningún departamento especificamente senón que pode ser asignada ao profesorado con disposición horaria, faise preciso que a súa organización sexa práctica e aberta para que se adapte facilmente ás características do alumnado e o profesorado responsable.

A principios de cada curso escolar, o profesorado encargado de Atención Educativa seleccionará os temas que se tratarán nas distintas sesións, de acordo aos seguintes criterios:

- 1.- Os temas estarán relacionados, preferentemente, cos recollidos no PEC para a educación en valores, sen perxuízo de que sexan tratados desde outras materias ou titorías. Estes son: convivencia, saúde, consumo, educación non sexista, paz, educación afectivo-sexual, ambiental e vial.
- 2.- Poderán propoñerse outras tarefas/proxectos relacionados co civismo, a intelixencia emocional, tests psicotécnicos, de lóxica, autoconcepción e autoestima ou resolución de conflitos.
- 3.- Traballarase temas de interese ou por ser acontecementos de actualidade.
- 4.- Faranse xogos educativos seleccionados polo profesorado.
- 5.- Fomentarase a lectura e a escritura de textos previamente seleccionados polo profesorado.
- 6.- Esta atención en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

Cada curso escolar a Xefatura de Estudos asignará a docencia desta materia en función da carga horaria do profesorado. Cada docente que imparta esta materia encargárase de levar un rexistro mensual das tarefas/proxectos desenvolvidos nos diferentes niveis educativos, o cal incluirán na correspondente memoria final da materia e posteriormente achegarán a xefatura de estudos para o seu rexistro.

TAREFAS/PROXECTOS

As tarefas/proxectos que se poden propoñer para calquera dos cursos da ESO poderán xirar en torno ás seguintes propostas:

- Visionado de películas que conteñan distintos valores transversais que traballar ou ben a través de actividades escritas ou ben a través da expresión oral, para que o alumnado poida reflexionar sobre o argumento e mensaxes do filme e desenvolver o espírito crítico, a expresión, a comprensión.
- Visionado de documentais e curtas que analicen distintos temas de actualidade que estean sucedendo ao noso redor.
- Realización de xogos de enxeño, estratexia, coñecemento e habilidade coma sudokus, xadrez, trivial, papiroflexia, etc.
- Realización de presentacións dixitais a través do emprego de programas informáticos.
- Debates dirixidos sobre distintos temas de actualidade.
- Realización de monólogos cos que traballar a lectura, comprensión, a expresión oral, a memorización, a interpretación e a dramatización.
- Confección de materiais para a biblioteca, así coma carteis para ambientar as datas conmemorativas.
- Desenvolvemento de programas relacionados coas habilidades sociais e de comunicación

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Esta materia contribúe a traballar algunhas das competencias, como:

- a) A **competencia en comunicación lingüística** ao traballaren textos escritos nas posibles lecturas, monólogos, artigos para a biblioteca escolar e a expresión oral nos debates propostos e reflexións sobre os temas tratados durante as clases.
- b) A **competencia dixital** adquirirase nas actividades nas que estean relacionadas coa análise de textos de actualidade, noticias, busca de información na rede e posta en común das mensaxes principais. Nesta materia propóranse actividades que fomenten a busca e o procesamento da información, incluíndo o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- d) Para o desenvolvemento da **competencia social e cívica** traballaranse actividades de actualidade que supoñan un coñecemento da realidade social na que se vive, a potenciación da axeitada convivencia, contribuíndo á construción da paz e da democracia, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable.
- e) Fomentaranse as habilidades para a valoración das distintas expresións artísticas en actividades nas que o alumnado teña que realizar creacións propias, fomentando a aplicación do pensamento diverxente, o traballo colaborativo e cunha actitude aberta e respectuosa cara as propias creacións coma cara as dos demais. Todo isto repercutirá nun maior desenvolvemento da **conciencia e expresión cultural**
- f) Esta materia tamén contribúe a traballar a **competencia para aprender a aprender**, xa que se tentará que o alumnado tome conciencia, xestione e controle as propias capacidades e coñecementos e tente desenvolver a capacidade de cooperación, de autoavaliación e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual.
- g) Traballarase a **competencia para a autonomía e a iniciativa persoal** nas actividades especialmente deseñadas para fomentar a autoestima, a autocrítica, o control emocional, o coñecemento dun mesmo, a capacidade de elección e o desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase ao alumnado baseándose en criterios fundamentalmente actitudinais. Valorarase positivamente a asistencia ás clases co material preciso, o aproveitamento das sesións, o interese e participación nas tarefas/proxectos, a actitude de respecto cara os compañeiros, o profesorado, e o coidado e mantemento dos materiais e da aula.

En cada sesión de avaliación, o profesorado emitirá unha calificación de cada alumno ou alumna que aparecerá no boletín trimestral. O carácter destas calificacións será meramente informativo para as familias e **non se considerarán para a promoción ou titulación.**

O procedemento de avaliación consistirán na avaliación continua baseada na observación durante as clases, pola que o profesorado encargado de impartir esta materia irá apuntando na súa ficha do alumno, para finalmente facer un cómputo xeral no que se valoren os criterios anteriormente mencionados.

2.3.10. Período de adaptación en Educación Infantil

Segundo o artigo 3º do capítulo I da Orde do 25 de xuño, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil, os centros educativos favorecerán un período de transición desde a familia ou desde a escola de 1º ciclo de infantil á nova situación de ensino-aprendizaxe. E o tempo estipulado será o que aparece no calendario escolar .

Queremos crear o clima idóneo para recibir e facilitar a adaptación á escola é crucial e isto o acadaremos promovendo unha serie des aspectos ou medidas:

a) De carácter organizativo

Orientación ás familias-

A través dunha primeira reunión entre titores e pais/nais dos alumnos que comezan a escola, temporalizada no mes de xuño, para informar e dar unha serie de pautas e orientacións sobre o “período de adaptación”, en qué consiste e a súa forma de colaboración. Así no mes de xuño durante una semana, os alumnos/as de nova incorporación poden vir de 11:30 a 12:05 para participar nas actividades do patio de recreo

No mes de setembro realizárase unha entrevista persoal a cada unha das familias.

E ademais convocarase una reunión de ciclo a principio de curso. Dentro das recomendacións ás familias farase moito fincapé na importancia de que o control de esfínteres estea acadado nos nenos/as.

Algúns dos obxectivos que se buscan neste asesoramento ás familias son:

- a) Orientar e dar pautas para a nova situación que van afrontar.
- b) Eliminar a ansiedade que lles pode provocar a entrada no colexio.
- c) Establecer canles de comunicación fluída entre centro e familia.
- d) Amosar confianza e cooperar co titor/a en todo o necesario.

Organización temporal-

A entrada na escola no mes de setembro se fará de xeito escalonado. A continuación indícase un exemplo aproximativo de horario a establecer, aínda que en funcións do grupo se as características, especialmente número de alumnos/as, en cada caso planificarase da maneira máis axeitada:

1ª semana - de 10:00 a 11:30 , un grupo e de 12:00 a 13:30 outro grupo

2ª semana - de 10:00 a 13:00 todos xuntos

A partir deste momento, o alumnado fará o horario completo (9:35 a 14:35) é poderá empezar a utilizar os servizos complementarios de transporte e comedor

b) De carácter pedagóxico

Do profesorado-

- Programaranse actuacións conxuntas que faciliten o período de adaptación.
- Obterase un coñecemento do alumnado para planificar mellor a súa actuación
- Realizarase unha autoavaliación diaria para mellorar aqueles aspectos que poderían garantir unha mellor adaptación.

Nestas semanas que dura o período observarán e anotarán as reaccións e situacións máis destacables protagonizadas por cada neno/a.

A nivel de grupo-aula-

- Crearase un ambiente acolledor e festivo, dando prioridade aos xogos, bailes e cancións así como á lectura de contos.
- Prepararanse materiais e recursos chamativos e motivadores que atraian a súa atención e interese.
- Buscaranse momentos de descanso e tranquilidade moi delimitados, para dar seguridade a aqueles nenos/as máis medosos e inseguros.
- Aproveitarase o agrupamento mixto nas aulas na axuda dos maiores aos máis pequenos

2.4. A ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA E OS DOCUMENTOS CORRESPONDENTES

O funcionamento do centro redúcese, e en definitiva, levar a cabo unha boa práctica docente, se para conseguir transmitir aos alumnos, do mellor xeito posible, unha serie de coñecementos.

Trataremos de adaptar os currículos oficiais que define a A Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. á realidade educativa do centro.

Este proceso remata nas programacións didácticas de ciclo ou departamento, que se teñen que elaborar antes de que empece o curso académico. Pero tamén existen outros documentos que complementan a organización pedagóxica do centro, que queda regulada entón co seguinte conxunto:

- 2.4.1. Programacións por cursos e materias (ver o seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/286>)
- 2.4.2. Plan de Orientación académica e profesional (ver anexo I)
- 2.4.3. Plan de acción tutorial (anexo II)
- 2.4.4. Plan de atención á diversidade (ver anexo III)
- 2.4.5. Plan lector (anexo IV)
- 2.4.6. Proxecto lingüístico (anexo V)
- 2.4.7. Proxecto TIC (anexo VI)
- 2.4.8. Proxecto Sección bilingüe. (anexo VII)
- 2.4.9. Plan de Fomento do uso da Lingua Galega (anexo VIII)

2.5. OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE

2.5.1. Programación Xeral Anual

A Programación Xeral Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CPI Atios, nel se establece a súa organización e se fixan obxectivos a acadar en cada curso académico.

Tal programación é un proxecto e, como tal, vén a ser unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito de reflexión e análise, que se fai a partir dos recursos dispoñibles (humanos e materiais) e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible dos alumnos/as do Centro.

Esta Programación Xeral Anual xorde, sobre todo, polas dúas consideracións seguintes:

- 1ª) Por unha necesidade de imperativo legal dado que así o dispón o decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e a orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.
- 2ª) Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e improvisación, co establecemento de criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa, coa fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do colexio.



CPI de ATIOS
Valdoviño

2.5.2. Memoria Anual

A Memoria de final de curso debe ser fiel reflexo do traballo realizado no colexio durante o curso escolar, e recoller as conclusións máis relevantes da análise e avaliación da Programación Xeral Anual e do seu grado de cumprimento, co claro obxectivo de mellorar a planificación das necesidades futuras, así como de lograr mellorar o funcionamento do Colexio.

A metodoloxía empregada para levar a a cabo consistirá na análise das memorias dos departamentos, dos plans e proxectos complementarios; das actas dos diferentes equipos docentes, etc.

Nos diferentes apartados desta Memoria ten que quedar constancia do grado de cumprimento destes obxectivos en cada un dos ámbitos que configuran o funcionamento do CPI Atios e se o Equipo Directivo, considera que os obxectivos propostos na Programación Xeral Anual foron conseguidos ou non facendo unha valoración positiva das actuacións emprendidas ao longo do curso para a súa consecución.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

3.1. A organización xeral no funcionamento do centro

3.1.1 Organigrama

A continuación preséntase en forma de taboa o conxunto de individuos e colectivos que conforman a comunidade escolar do CPI de Atios Valdoviño

CPI ATIOS VALDOVIÑO				
ORGANOS DE GOBERNO			ORGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	
UNIPERSOAIS		COLEXIADOS		4-Equipos de ciclo 13-Departamentos -A CCP -O Equipo de Dinamización da Lingua Galega -O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares -O Equipo da Biblioteca -O coordinador TIC
1-Director 1-Xefa de estudos de EP 1-Xefa de estudos de ESO 1-Secretaria	CLAUSTRO		CONSELLO ESCOLAR	
	Mestres de infantil Mestres de primaria Profesores ESO Orientación Profesoras de relixión	1-Director 1-Xefa de estudos de EP 1-Xefe de estudos de ESO 1-Secretaria 1-representante de Concello 6-representantes do profesorado. 3-representantes dos país/nais 3- representantes do alumnado 1-representante do PND		
		Comisión económica Comisión convivencia Comisión comedor		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS		PAIS/NAIS	ALUMNADO	PERSOAL NON DOCENTE
TRANSPORTE	COMEDOR	ANPA	Delegado de curso Xunta de delgados	1 conserxe 1 administrativa 4 limpadoras 3 cociñeiras 2 cuidadoras
9 rutas 3 compañías	Tipo C, 2 quendas, 250 usuarios 7 colaboran 3 cociñeiras 1 encargada			

A composición e funcións de cada órgano recóllense nos artigos correspondentes do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, e a orde que o desenvolve, do 3 de outubro de 2000, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.



3.1.2 Horarios

O centro está aberto de 9:00h a 15:30h os xoves de 9:00 a 19:00h os martes e xoves, e sempre que faga falta para algunha actividade legalmente autorizada.

O horario lectivo de xornada única (meses de setembro e xuño) é así:

- De 9:35h a 14:35h en INF/PRIM cun recreo de 12: 05h a 12:30h, 5 sesións diarias cunha duración de 50 minutos, e unha sesión diaria para o plan lector de 25 minutos
- De 9:35h a 15:05h en SEC con dous recreos de 11:15h a 11:30h e de 13:10h a 13:25h así como 6 clases diarias de 50 min.

O alumnado de infantil adoita saír ao comedor uns minutos antes que os de primaria, sobre as 14:30 h máis ou menos. Dispoñen dunha media hora para comer, saíndo entre 15:00h e 15:10h para o patio ata que se dirixen aos buses.

· O alumnado de ESO entra na segunda quenda ao comedor, e faino directamente desde o remate da última clase ás 15:05 h. Dispoñen de 30 minutos pois deben ir coller os buses ás 15:30h. Os xoves, dispoñen de tempo de lecer ata o comezo da primeira clase da tarde, ás 16:45h.

3.1.3 Servizos complementarios

Comedor

O servizo de comedor regularase polo disposto no Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro, ena Orde do 21 de febreiro de 2007 que o desenvolve. A utilización e pago deste servizo está recollida na Decreto 374/2009, do 6 de agosto, e o Decreto 439/2009, do 11 de decembro, que o modifica. Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo C (entre 151 e 250 comensais), co que lle corresponden 7 figuras de colaborador, 1 oficial 2ª de cociña e 2 axudantes.

Existe un encargado de comedor que pertence ao colectivo de pais/nais Funciona en dúas quendas, unha para infantil e primaria e outra para secundaria. Son usuarios do servizo o alumnado transportado (gratuito), alumnado que viven a menos de dous quilómetros (gratuito ou de pago en función do nivel de renda da unidade familiar), cociñeiras e nais colaboradoras (gratuito) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (gratuito o día da colaboración e de pago o resto).

É preceptivo a presentación do xustificante bancario de pago mensual para poder seguir utilizando o servizo de comedor.

O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

· Transporte

O transporte escolar deste Centro está cuberto por cinco empresas: Autos Camilo, Autos Paco, Autos Arriva, Auto Rivas e Rialsa nas rutas descritas a continuación:

EMPRESA	RUTA	TRAXECTO	DURACIÓN (min)
Rialsa-Monbus	1	Fino – O Muíño	24
Rialsa-Monbus	2	Rioboo – A Torre	21
Rialsa-Monbus	3	Carreira – Mercado	23
Rialsa-Monbus	4	Mosende – Poulo	23
Rialsa-Monbus	5	Coval – A Furada	35
Autos Paco	6	Ladeira – A Loira	25
Autos Paco	7	Atalaya – Escola	30
Rialsa-Monbus	8	Carreira – Portamaior	26
Autos Camilo	9	Taraza – Porta do Sol	15

A súa organización está supeditada ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e as empresas de transporte.

A folia de ruta é o documento oficial onde quedan rexistradas as paradas autorizadas para cada bus e actualízase cada ano coas peticións de paradas en ruta, de variante ou de ramal, que poidan facer os usuarios do transporte, no prazo destinado para iso, que soe coincidir no mes de xullo do curso rematado.

3.2. NOF (ver anexo IX)

A actividade cotiá do centro leva aparelladas unha serie de circunstancias moi concretas que necesitan ser reguladas para o seu correcto desenvolvemento. O documento no que mellor se reflicte esta estrutura organizativa denomínase actualmente “Normas de Organización e Funcionamento”, pero ata o de agora era coñecido como Regulamento de Réxime Interior (RRI).

3.3. Plan de Convivencia (ver anexo X)

O Plan de Convivencia, que basea moitos dos seus puntos no anterior NOF, tamén se inclúe neste apartado por entendermos que tamén contribúe de xeito importante a regular a vida no centro no día a día Ambos textos concretan os aspectos xerais que se describen na Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, de inminente publicación, e son os documentos de referencia no traballo do *observatorio de convivencia* do centro e a eles terase que remitir á hora de analizar as situacións contrarias á mesma.

3.5. Plan de funcionamento do comedor (ver anexo XI)

O plan foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor que abarca os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc e terminando polas actividades a realizar

nos tempos de lecer posteriores á comida, atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa.

3.4. Plan de autoprotección (ver anexo XII)

O Plan de autoprotección é unha serie de accións e medidas, adoptadas polo CPI de Atios, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito das competencias, encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta adecuada ás posibles situacións de urxencia e a garantir a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.

4. XESTIÓN ECONÓMICA

4.1. INTRODUCCIÓN

4.1.1. Lexislación aplicable

- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (*DOG 4 de abril*).
- Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios (*DOG do 21*).
 - Modificada pola Orde do 22 de xullo de 1997 (*DOG do 2 de setembro*) – para os centros de educación infantil e/ou primaria –.
 - Modificada pola Orde do 26 de febreiro de 1993 (*DOG do 8 de marzo*) – libramentos –

4.1.2. Xustificación

Este documento vai a servir de instrumento para establecer o criterios e directrices a seguir na toma de decisións relativas á xestión dos recursos materiais e económicos do Centro, favorecendo unha actuación, neste ámbito, coherente, rigorosa, transparente e participativa por parte de toda a Comunidade Educativa.

En definitiva, intentamos que se faga un uso responsable dos recursos posto que iso é, cada vez máis, un deber de todos os cidadáns e das diferentes organizacións, especialmente as de carácter público. Isto adquire especial importancia no caso dos centros educativos, que deben contribuír a que os alumnos/as reciban unha formación que inclúa o respecto ao medio ambiente e a levar a cabo un consumo reflexivo e prudente.

Desde un punto de vista exclusivamente económico, non podemos esquecer que estamos nunha institución que utiliza cartos públicos e, xa que logo, de todos os cidadáns, para sufragar os gastos que se xeran. É moi importante que devanditos gastos repercutan na mellora da educación, reducíndoos en todo o que poida ser prescindible.

Por todo iso, o aforro de recursos básicos, sen prexuízo da práctica docente e do benestar dos membros da Comunidade educativa, permite liberar fondos que poden dedicarse a outros fins que melloren as instalacións, os equipamentos e os materiais, co fin de mellorar a calidade do ensino.

Ademais, unha parte fundamental da educación do noso alumnado transmítese a través da organización e funcionamento do propio centro docente e, por iso, forma parte do noso Plan de

Centro como un plan non coyuntural, xa que ten carácter permanente e formativo.

Deben terse en conta os seguintes principios xerais, posto que debemos consumir con moderación e responsabilidade os diversos recursos:

- As medidas de aforro non deben provocar dificultades para a realización das tarefas que o Centro ten encomendadas como centro educativo.
- Debe preservarse e ata mellorarse a comodidade e o benestar dos membros da Comunidade Educativa.
- As reducións nos consumos non deben forzar modificacións na metodoloxía que se aplique no ensino, pero no momento de deseñar ditas metodoloxías pode e debe terse en conta o gasto de recursos que provocan as distintas opcións dispoñibles.
- As medidas a tomar deben ter carácter formativo e exemplificado.
- Un bo uso das novas tecnoloxías pode ser útil para conseguir rebaixar a utilización de recursos básicos.
- Para conseguir resultados, é fundamental a participación e concienciación de todos os membros da Comunidade Educativa.

4.2. XESTIÓN ECONÓMICA DO CENTRO.

4.2.1 Obxectivos

Os principais obxectivos para a elaboración e utilización do orzamento son:

- A. Cubrir as necesidades educativas de todo o alumnado do Centro.
- B. Establecer unhas boas condicións de traballo, en canto a seguridade e comodidade, para toda a Comunidade Educativa.
- C. Mellorar os recursos didácticos do Centro.

4.2.2 Orzamento anual.

A) ELABORACIÓN

- O secretario elabora o anteproxecto de orzamento.
- A comisión económica apróba e convértese e proxecto de orzamento.
- O proxecto xunto con unha memoria xustificativa preséntase ao consello escolar.
- Prazo para aprobalo: 1 mes desde que se coñeza a asignación da consellería.
- Elévase á Xefatura territorial para coñecemento e revisión de legalidade.
- Se no prazo dun mes non hai reparos enténdese definitivo.
- En caso contrario, devólvese ao centro para que procedan a adecuación á legalidade
- Se o consello escolar non aproba o orzamento remítese á Xefatura territorial xunto con: Certificación da acta da sesión onde figuren os motivos para a non aprobación. A Xefatura territorial resolverá no prazo máximo dun mes.

B) MODIFICACIÓN

- Os créditos de gasto do orzamento aprobado vinculan co nivel de desagregación con que se aprobaron. Non obstante, poderán ser modificados:
 1. Por **redistribución dos créditos** do propio centro, atendendo á finalidade do gasto.
 2. Por **aumento dos ingresos procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**
 3. Os **ingresos efectivamente realizados** e que superen os inicialmente previstos no orzamento do centro.

- O director é o órgano competente para propor as modificacións.
- Presentaranse ao Consello Escolar xunto cunha memoria xustificativa.
- O Consello Escolar, co informe da Comisión Económica, procederá á súa aprobación ou denegación.
- As modificacións, xunto coa memoria xustificativa, remitiranse á Xefatura territorial
- No prazo dun mes, poderá formular reparos e observacións, sempre por razóns de legalidade e de xeito motivado.

4.2.3. Criterios para a distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto.

En cada curso escolar planificarase cada unha das partidas que durante ese curso terán vixencia o devandito plan é susceptible de ser modificado coa inclusión ou eliminación dalgunha subconta, en función das novidades que puidesen xurdir no futuro.

Esta información non só serve para favorecer a coherencia, rigurosidade, transparencia e participación de toda a Comunidade Educativa, mediante a súa aprobación, senón que ademais establece as directrices a seguir na elaboración do orzamento do Centro para cada curso.

A) DOTACIÓN ECONÓMICA PARA OS DISTINTOS CICLOS E ESPECIALIDADES

Principios Xerais:

1.- A dotación presupuestaria dispoñible para os distintos cursos e especialidades pode provir de dúas partidas diferentes, e independentes entre si:

- Da dotación de Gastos de Funcionamento, asignada pola Consellería de Educación, cuxa asignación non está garantida todos os anos.

- Dos recursos que o propio Centro poda xerar

2.- Si a dotación non cubrixe a totalidade da cantidade estimada a repartir, priorizarase en función das necesidades de cada curso e especialidades, do mesmo xeito que si non fose necesario facer uso da dotación, está será acumulable e pasarán a remanente para o curso seguinte.

3.- O reparto levarao a cabo a Comisión Económica .

4.- Da dotación de Gastos de funcionamento, que si está garantida cada ano:

- Asignarase unha dotación económica global, que en ningún caso poderase superar.

- Dita dotación calcularase tomando como referencia o gastado nos últimos anos a nivel de Centro.

a. Xustificar cada unha das partidas que se determinen.

b. Decidir por parte do ciclo ou departamento o que necesita cada curso e especialidade.

c. Considerar ese reparto inicial como válido para próximos cursos, aínda que en todo caso, revisable a petición de calquera curso ou especialidade por parte da Comisión Económica xustificándose convenientemente. O límite máximo de todas as compras de material inventariable será do 20% do total asignado ao Centro para Gastos de Funcionamento.

5.- O reparto presupuestario entre os distintos cursos de Infantil, Primaria e Secundaria será apropiado a cada etapa,

Mediante o estudo exhaustivo de todas as partidas de gastos efectuadas en cursos anteriores conseguiremos os seguintes obxectivos:

- Maior coordinación na adquisición e uso de medios didácticos.
- Maior transparencia ao ser decisións colegiadas.
- Maior rigor no control presupuestario para non gastar máis do debido.
- Unha maior reflexión sobre o material que realmente fai falta para darlle mellor e maior uso posible.

B) DOTACIÓN ECONÓMICA PARA A BIBLIOTECA.

No documento oficial do Orzamento de gastos reflectirase a dotación económica outorgada ao Proxecto de Biblioteca que conta con unha partida presupuestaria propia asignada dende a Consellería de Educación e unha porcentaxe da partida presupuestaria, adicada a o centro. Dita cantidade destinarase prioritariamente á compra de libros, podéndose usar, así mesmo, para mellóraa das condicións do seu uso. O coordinador/a de a Biblioteca poderá solicitar á Comisión Permanente, a través do Secretario do Centro, o aumento de dita partida presupuestaria. O momento máis apropiado será durante o mes de setembro para a súa inclusión no Orzamento inicial, na primeira reunión do Consello Escolar., aínda que se poderá suscitar a súa revisión ao longo do curso.

C) DOTACIÓN ECONÓMICA PARA O COMEDOR

A dotación presupuestaria dispoñible para o comedor e a de Gastos de Comedor, asignada pola Consellería de Educación, cunha asignación que non está garantida todos os anos.

4.2.4. Criterios para a obtención de ingresos derivados da prestación de servizos, dos fondos procedentes de entes públicos ou privados.

A normativa permite que os centros xestionen outras fontes de financiamento á marxe dos ingresos provenientes da Administración educativa. Estes ingresos están organizados no noso plan contable en dous tipos:

1. Ingresos por recursos propios:

Son todos aqueles que se xeran desde o propio Centro

- Gardar e xestionar o pago de actividades extraescolares. Como norma, as excursións páganas o alumnado, ben directamente, ou mediante actividades destinadas á recaudación para tal fin. Por iso todo diñeiro ingresado para este concepto se reintegra.
- Venda de produtos de nadal e lotaría
- Rifas

2. Derivados de entidades:

- Caixas e Bancos: Obra social de Caixas para actividades e material educativo no Centro.
- Concello:
 - Proxectos educativos, colaborando e si fose necesario coa achega económica para abordar devanditos proxectos.
 - Financiar actividades conxuntas.
- Asociación de Pais e Nais de Alumnos:
 - Colaborar na realización de actividades complementarias e extraescolares.
 - Posibilitar a mellora das instalacións do Centro

4.3. A COMISIÓN ECONÓMICA DO CONSELLO ESCOLAR.

É o órgano competente en materia económica, está constituído dentro do seo do Consello Escolar

4.3.1. Funcións.

Estudar o proxecto de orzamento e elevalo ao Consello Escolar para a súa aprobación. Estudar as propostas que lle suscite o Equipo Directivo que conleven unha modificación presupostaria, e decidir sobre á súa aprobación ou desestimación. En caso de aprobarse, decidirá a súa inclusión nos orzamentos do seguinte curso, a condición de que sexa posible, ou a modificación do presente, en virtude do recollido no punto anterior do presente documento, que en todo caso, deberá aprobar o Consello Escolar.

4.3.2. Sesións.

Inicial:

- Realizárase durante o mes de Setembro.
- Estudar as propostas que o Equipo Directivo suscitelles do recollido na Memoria Final do curso anterior, e decidir a súa inclusión ou non no novo orzamento.
- Estudar o proxecto de orzamento elaborado polo Secretario e elevalo ao Consello Escolar para a súa aprobación, antes de finalizar o mes de outubro.

Resto de Sesións:

- Sempre que haxa algunha proposta de modificación ao orzamento inicial para o seu posterior elevación ao Consello Escolar onde se aprobará.

4.3.3. Composición.

A composición da Comisión Económica do Consello Escolar a formar : o director/a, o secretario/a, un xefe/a de estudos ,un representante de pais e outro de profesores/as

4.4. CONTAS CORRENTES

- O CPI Atios ten aberta unha conta corrente para xestionar o movemento de fondos para gastos de funcionamento e outra para a xestión do comedor escolar nos centros que dispoñan deste servizo.
- As contas correntes abríronse de acordo co procedemento previsto no Decreto 51/1985, do 21 de marzo, sobre situación e dispoñibilidade de cantidades libradas en firme e para xustificar.
- En todas as contas correntes figura, xunto ao nome do centro, a denominación Comunidade Autónoma de Galicia.
- A disposición dos fondos será realizada por dous funcionarios docentes autorizados para o efecto, un deles o director/a do centro e outro o secretario/a con sinaturas mancomunadas.

Dende a Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realízase un inventario das contas correntes autorizadas que conteña ás persoas autorizadas a dispoñer dos fondos e os períodos de validez desta autorización.

4.5. XUSTIFICACIÓN DE CONTAS ANUAIS.



- O director do centro presentará ao Consello Escolar, para a súa aprobación, a conta de xestión do orzamento, referida a día 31 de decembro de cada exercicio económico.
- Se non fose aprobada a conta de xestión polo Consello Escolar remitirase esta, xunto coa certificación do acordo que figura na acta da sesión onde consten os motivos para a non aprobación, á Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o xefe territorial resolverá o que proceda.
- Unha vez aprobada a conta de xestión, e antes do 31 de xaneiro do exercicio económico seguinte, o Consello Escolar remitirá á Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha certificación, por duplicado, segundo o modelo que se facilitará, na que figure, por unha banda, a expresión dos fondos recibidos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e demais ingresos obtidos, e doutra, os gastos realizados con cargo ós citados ingresos, así como o saldo que resulte, se é o caso.
- Un terceiro exemplar unirase ós xustificantes orixinais e demais documentos acreditativos, que quedarán arquivados no centro, baixo a custodia e responsabilidade do secretario ou persoa que asuma as súas funcións, á disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e dos órganos de control da Comunidade Autónoma e da Unión Europea, no caso de accións cofinanciadas, para a realización das comprobacións oportunas no ámbito das súas respectivas competencias.
- No caso de xustificacións que correspondan a libramentos realizados directamente polas direccións xerais, remitirase á dirección xeral correspondente a certificación que se requira.
- A xustificación das axudas ou subvencións finalistas que puidesen recibirse no centro formalizarase na certificación que se sinala na súa normativa específica.

5. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PEC

5.1. Avaliación

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será avaliado e valorado na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións que a Comunidade Educativa a través do Consello Escolar considere oportunas, de xeito que poidan facerse nel melloras que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos plantexados.

5.2. Modificacións no PEC

- Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no consello escolar, quedando derogado o anterior.
- Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar que terá que levar a cabo a súa proposta a través do sector que o represente no consello escolar.
- A aprobación dunha modificación precisará da maioría simple do consello escolar.
- As modificacións incorporaranse como engadidos ao documento inicialmente aprobado, seguindo este procedemento

O día.....O Consello Escolar do CPI de Valdoviño acordou modificar o/s punto/s.....do Proxecto Educativo aprobado en data.....quedando a súa redacción como sigue:.....

5.3. Difusión do PEC

O Proxecto educativo do CPI Atios de Valdoviño aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar. Faráselle chegar unha copia ao Concello de Valdoviño e outra á ANPA “Beiramar”.

Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, e estará a disposición de calquera persoa que solicite consultalo.

O equipo directivo encargárase de dar a máxima publicidade posible ao PEC entre o profesorado e demais membros da comunidade escolar e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais/nais, as titorías de alumnos, etc para levar a cabo este cometido.

O director certifica que este PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO do CPI de ATIOS-VALDOVIÑO foi presentadas ao Claustro do Profesorado o día 23 de xaneiro de 2018 e aprobadas polo Consello Escolar na súa reunión do 23 de xaneiro de 2018

Visto e prace
O director

A secretaria



Asdo.: Antonio Cebreiro Melero

Asdo.: Mª Dolores Freire Villar



CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Avda. de San Sadurniño 19

15552 Valdoviño

Tlfno:881938107 FAX: 881938113

cpi.atios@edu.xunta.es

<http://edu.xunta.es/centros/cpiatios>